

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados e das súas deputadas **Abel Losada Alvarez, José Manuel Gallego Lomba, Carmen Acuña do Campo, Carmen Gallego Calvar e María Quintas Alvarez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

Despois do apresurado e errado traslado ao novo Hospital privado de Vigo, é evidente que se abre unha nova e fonda incerteza, tanto no destino funcional do edificio do vello Hospital Xeral, como no impacto económico no comercio da zona do seu traslado.

Os socialistas consideramos necesario manter o uso sanitario do edificio do Hospital Xeral de Vigo para situar no mesmo os servizos sanitarios que necesita a área sanitaria con carácter urxente, e que son de todos coñecidos.

Unha das necesidades evidentes da área sanitaria de Vigo é a creación dun *Centro de Alta Resolución*, que permitiría aliviar a presión asistencial sobre os servizos similares no ámbito hospitalario.

Este centro estaba previsto que se situara en Vigo, e foi abandonado sen explicacións pola actual Administración de Feijóo, dentro da súa deriva privatizadora. Os obxectivos do mesmo eran mellorar a accesibilidade aos especialistas, diminuír os tempos de espera e ofrecer unha maior rapidez no diagnóstico e tratamento para determinados procesos que non esixan ingreso hospitalario.

Este centro tería que dotarse cos equipos diagnósticos necesarios para permitir un diagnóstico rápido e eficaz nunha soa visita integrando a recepción do paciente, as exploracións ou probas complementarias, o diagnóstico e a indicación do tratamento, nun mesmo acto asistencial ambulatorio, para evitar demoras innecesarias. O centro podería acoller

Grupo Parlamentario

ademais consultas de especialidades que traballan cos procedementos tradicionais, así como a rehabilitación para pacientes non ingresados.

Esta integración suporía importantes economías de escala na prestación dos servizos, e polo tanto, importantes aforros a medio e longo prazo; ademais das evidentes melloras na calidade da atención aos pacientes que precisen este servizo e non precisen atención hospitalaria.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a levar a cabo no edificio do vello Hospital Xeral de Vigo a construción do *Centro de Alta Resolución* que estaba previsto na planificación da área sanitaria de Vigo aprobada en 2006.

Pazo do Parlamento, 16 de outubro de 2015

Asdo.: Abel Losada Alvarez
José Manuel Gallego Lomba
Carmen Acuña do Campo
Carmen Gallego Calvar
María Quintas Alvarez
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: José Luis Méndez Romeu
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 20/10/2015 09:39:22

José Manuel Gallego Lomba na data 20/10/2015 09:39:29

María del Carmen Acuña do Campo na data 20/10/2015 09:39:35